



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: DATA DA PROBA DE ESFORZO E DATA DA ENTREVISTA PARA A BRIGADA DE INCENDIOS

Antecedentes de feito:

Visto o proceso de selección incoado para a selección de 1 xefe/a de brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestais deste Concello ó abeiro do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020.

Vistos os decretos aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos definitivos para 1 posto de xefe de brigada (decreto 294/2017), para 1 posto de peón-condutor (decreto nº 313/2017) e para 3 postos de peón de brigada de incendios (decreto nº 296/2017) e en virtude do previsto na base sexta das bases reguladoras xerais que rexen o proceso selectivo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: convocar ao tribunal e igualmente aos aspirantes para a **realización da entrevista o xoves 6 de xullo de 2017 ás 9:00 horas** na Casa do Concello de Cabana de Bergantiños. Acto seguido o tribunal procederá a realizar a valoración de méritos.

SEGUNDO: convocar ao tribunal e igualmente os aspirantes para a **proba física de esforzo** (proba do banco) que é obrigatoria e eliminatoria, o **venres día 7 de xullo de 2017 ás 9:30 horas na Clínica Vimianzo Saúde**, con dirección na Rúa Tras do Muíño nº8 baixo CP15129 Vimianzo (A Coruña). Todos os aspirantes deberán ir provistos do DNI.

TERCEIRO: publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello e o extracto do mesmo na páxina web do Concello de conformidade co previsto nas bases.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)